



Tallós, 32 - 15981  
Dodro (A Coruña)  
Tfno: 981 802 062  
info@dodro.gal  
[www.dodro.gal](http://www.dodro.gal)

**EXPTE:** 2024/C005/000003

**ASUNTO:** CONTRATACIÓN SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS POR OUTRAS LED- AFORRO ENERXÉTICO NO CAMPO DE FÚTBOL DE CHENLO - INCLUIDA NA 2ª FASE DO POS ADICIONAL 2/2023

**TRÁMITE:** CONTRATO ADMINISTRATIVO

Contrato asinado por medios dixitais a través da plataforma TEDec, nas datas que constan na marxe do documento.

### POSTOS DE ACORDO

Dunha parte FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS, con DNI nº \*\*\*807\*\*\*, actuando na súa condición de Alcalde-Presidente do Concello de Dodro, e asistido da secretaria-interventora Sandra María García Chenlo, que da fe.

Doutra parte, JUAN ANDRÉS LÓPEZ FOUZ, maior de idade, con DNI núm. \*\*\*724\*\*\*.

### ACTÚAN

O alcalde en nome e representación do CONCELLO DE DODRO e de conformidade coas atribucións conferidas polos artigos 21.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, 41.1 do ROFRXEL e disposicións concordantes.

JUAN ANDRÉS LÓPEZ FOUZ, no nome e representación da empresa INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS, SL, con NIF B15025661 e domicilio fiscal en r/ Ermita, 34 - Polígono Industrial A Grela - A Coruña, en canto apoderado da entidade (Escritura de apoderamento con número de protocolo 1650 do 29/10/2008, segundo certificado de inscrición do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

### ANTECEDENTES

**PRIMEIRO.** Por Resolución da Alcaldía núm. 165/2024 de 27/03/2024 aprobouse o expediente de contratación 2024/C005/000003 correspondente á subministración prevista na documentación técnica de data 05/10/2023 denominada "*SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS POR OUTRAS LED-AFORRO ENERXÉTICO NO CAMPO DE FÚTBOL DE CHENLO*", redactada polo enxeñeiro industrial Pablo Rojo Losada (Col. n.º 22.992) cun orzamento de execución total por importe de 18.149,99 € e un prazo de execución de 6 meses.

**SEGUNDO.** Por Resolución da Alcaldía 374/2024 de 16/07/2024 adxudicouse o contrato de "*SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS POR OUTRAS LED- AFORRO*



Tallós, 32 - 15981  
Dodro (A Coruña)  
Tfno: 981 802 062  
info@dodro.gal  
[www.dodro.gal](http://www.dodro.gal)

**ENERXÉTICO NO CAMPO DE FÚTBOL DE CHENLO - INCLÚIDA NA 2ª FASE DO POS ADICIONAL 2/2023**", á entidade INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS S.L. con NIF B15025661, por ser o licitador que presentou a mellor oferta, de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares e no prego de prescricións técnicas e de acordo coas seguintes condicións ofertadas:

- Oferta económica: 11.286,25 € + 2.370,11 = 13.656,36 €
- Prazo de garantía: 4 anos.

**TERCEIRO.** Consta que a empresa adjudicataria presentou a garantía definitiva do contrato polo importe do 5% do prezo de adxudicación do contrato sen IVE e garantía complementaria polo importe doutro 5%.

E de acordo con estes antecedentes, ámbalas dúas partes conveñen a formalización deste contrato administrativo de acordo coas seguintes:

### CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS

**PRIMEIRA.** O Concello de Dodro, en execución da antedita Resolución, contrata coa entidade INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS S.L. con NIF B15025661 a subministración prevista na documentación técnica de data 05/10/2023 denominada "*SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS POR OUTRAS LED-AFORRO ENERXÉTICO NO CAMPO DE FÚTBOL DE CHENLO*", redactada polo enxeñeiro industrial Pablo Rojo Losada (Col. n.º 22.992), de acordo coas seguintes condicións ofertadas:

- Oferta económica: 11.286,25 € + 2.370,11 = 13.656,36 €
- Prazo de garantía: 4 anos.

**SEGUNDA.** A execución do contrato levarase a cabo tendo en consideración a memoria xustificativa, o prego de cláusulas administrativas particulares e a documentación técnica, aprobadas polo concello, que o adxudicatario coñece e acepta expresamente, e tendo en conta tamén o contido da súa oferta.

**TERCEIRA.** O prazo de execución será de 6 meses desde a sinatura do contrato.

**CUARTA.** O prezo do contrato será satisfeito contra a presentación de factura ou facturas axustadas aos requisitos esixidos regulamentariamente.

**QUINTA.** O prazo de garantía será de 6 anos (2 máis 4 adicionais ofertados) contados a partir do día seguinte á recepción do subministro.

**SEXTA.** A empresa obrígase a cumprir durante o período de execución do contrato as condicións especiais de execución debendo acreditar o cumprimento destas últimas no momento en que se lle requira.

**SÉTIMA.** Para a resolución das dúbidas de interpretación que ofrezca a



Tallós, 32 - 15981  
Dodro (A Coruña)  
Tfno: 981 802 062  
info@dodro.gal  
[www.dodro.gal](http://www.dodro.gal)

aplicación deste contrato, ambas partes se someterán á consideración da Xunta de Goberno Local como órgano competente para contratar, sendo a xurisdición contencioso administrativa a competente para resolve-los incidentes xurisdicionais que se deriven del.

**OITAVA.** Para o non previsto no presente contrato e nos seu pregos estarase ó disposto na Lei 9/2017 de 8 de novembro pola que se regula a Lei de Contratos do sector público (LCSP), no RD 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento de contratacións das administracións públicas, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, no RD Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e demais disposicións concordantes que resulten de aplicación.

*Pola empresa adjudicataria, Juan Andrés López Fouz  
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís  
A secretaria-interventora accidental (Resolución da DXAL do 07/06/2021 e  
Resolución da Alcaldía núm. 382/2024), María José Rodríguez Expósito, que da fe*